



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

JOSE VILLÁN FUERTES, SECRETARIO DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORZAMENTOS E FACENDA,

CERTIFICO: Que a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria do 23 de outubro do 2024, ditaminou a seguinte proposta:

1. PRESENTACIÓN DO CALENDARIO PREVISTO PARA A TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2025 E APERTURA DO PRAZO DE EMENDAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS. EXPTE. 90/142 (EXPEDIENTE PLENO 4671/1101)

De acordo co previsto no art. 82.2 do Regulamento Orgánico do Pleno (BOPPO núm. 87 do 10/05/2021) a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda queda informada do expte. 90/142 da presentación do calendario previsto para a tramitación e aprobación do orzamento 2025 e a apertura do prazo de emendas polos grupos municipais, do que se deu acceso electrónico aos compoñentes desta Informativa dende o día da convocatoria da mesma o 18/10/2024. Queda enterada, así mesmo, do calendario de tramitación proposto polo Director Superior contable e orzamentario e polo Concelleiro delegado da Área de goberno de de Orzamentos e Facenda.

O Concelleiro delegado da Área de goberno de Orzamentos e Facenda realiza unha breve explicación do calendario proposto, que consta no expediente electrónico 90/142, subliñando os principais fitos máis inmediatos. O 31/10/24 o remate do prazo para a presentación de emendas, o 07/11/2024 o ditame da Comisión informativa das emendas presentadas e da proposta, e o 14/11/2024 a celebración do Pleno para a súa aprobación inicial.

Os membros da Informativa mostran a súa conformidade co calendario de tramitación proposto, non formulando ningún obxeccións ou dificultades no acceso electrónico ao expte.

E para que conste e a efectos da súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación, expido a presente en Vigo, á data de sinatura dixital.
sc



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/10/2024 13:33	Páxina 1 de 1
90-142	CSV: ABA455-D23C5A-5H314E-LTZEMD-HUUBNN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		